
DESPOIS DO DIARIO DE ANNE FRANK

Texto de BAS VON BENDA-BECKMANN

Tradución de MARÍA ALONSO SEISDEDOS E ANTÓN VIALLE

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 448 páx. 20 €

[Despois do diario de Anne Frank](#) (galego)

ISBN 978-84-19213-02-0 Lecturas expertas. Ágora K.

[Después del diario de Anne Frank](#) (castellano)

ISBN 978-84-19213-03-7. Lecturas expertas. Ágora K.

[Després del diari d'Anne Frank](#) (català)

ISBN 978-84-18558-36-8. Lectures expertes. Àgora K.


...Todos eran xudeus que fuxiron da Alemaña nazi durante os anos trinta para reconstruíren a vida nos Países Baixos. Esas oito persoas agocháronse xuntas durante o verán e o outono de 1942 para tratar de sobrevivir á persecución dos xudeus por parte dos nazis. Este libro continúa onde se interrompe o diario de Anne...

“Despois do diario de Anne Frank” é un estudo histórico pioneiro, o máis completo e sistemático, que se realizou sobre o destino de cada unha das oito persoas que habitaron a Casa de atrás despois do 4 de agosto de 1944, cando foron descubertas e arrestadas: Otto Frank -único supervivente- coa súa esposa Edith e as súas fillas, Anne e Margot; o matrimonio Hermann e Auguste van Pels co seu fillo Peter; e o dentista Fritz Pfeffer.

Dando continuidade ao labor de anteriores investigacións, Bas von Benda-Beckmann reconstrúe meticulosamente a experiencia destas vítimas do Holocausto -iconas dun xenocidio que segou a vida de once millóns de persoas- dende como vivían antes da guerra, pasando polo seu traslado inicial ao campo de tránsito holandés de Westerbork, a súa distribución posterior entre Auschwitz-Birkenau, Bergen-Belsen, Mauthausen, Raguhn, Melk e Neuengamme, e finalmente as penalidades que sufriron: traballos forzados, violencia, fame, doenzas, morte...

As súas fontes foron o relato de numerosas testemuñas reunidas no marco do proxecto de historia oral da Fundación Anne Frank e outras institucións, unha abundante documentación oficial -listaxes de deportación, mapas dos campos, fotografías...- e o contido doutros diarios. O resultado é unha obra que, ademais de narrar a traxedia con precisión e crueza, aínda que dunha forma sensible, evocadora e fluída, tamén se completa con material gráfico revelador e un amplo anexo informativo.

Son moitas as voces anónimas e silenciadas por este terrible episodio da Historia contemporánea, as lagoas e os retos historiográficos; mais a achega de Benda-Beckmann e os seus predecesores deparou novas descubertas sobre o destino dos “agochados” no contexto do exterminio do pobo xudeu europeo perpetrado polos nazis. Un tributo á memoria para que siga viva e alerta ante os desafíos presentes e futuros.



■ **Temática:** as experiencias de Anne Frank e os outros sete “agochados” da Casa de atrás nos campos de concentración.

■ **Destinatarios:** lecturas expertas.

■ **Aspectos destacables:** Holocausto, Segunda Guerra Mundial, Historia contemporánea; Anne Frank, historia do pobo xudeu; outros títulos relacionados: «[A historia de Erika](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/despois-do-diario-g>

Bas von Benda-Beckmann

(1976)

Dende 2018 traballa como historiador da Fundación Anne Frank, ademais de ser investigador e escritor. Doutorouse na Universidade de Ámsterdam -onde foi profesor- cun estudo sobre historiografía alemá dos bombardeos aliados durante a Segunda Guerra Mundial. Tamén foi docente no Campus da Haia da Universidade de Leiden e no Instituto NIOD de Estudos sobre a Guerra, o Holocausto e o Xenocidio. Con outro dos seus libros anteriores foi candidato ao Premio Libris de Historia. Dende hai anos colabora como investigador independente coa editorial Querido para a elaboración dun libro sobre a historia bélica da súa familia alemá.

<https://www.basvonbendabeckmann.nl/>

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

